

COMUNICADO DE
MEDIOS



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA

Web

consellodacultura.gal

X / Instagram

[@consellocultura](https://www.instagram.com/consellocultura)

Facebook

facebook.com/consellocultura

Correo

medios@consellodacultura.gal

Teléfonos

+34 981 95 72 02

+34 667 33 82 74

► 02/10/2024

O Consello da Cultura Galega presenta o documental *Na procura do son perdido. A zanfona, memoria da Transición*

O Consello da Cultura Galega (CCG) e a Central Folque presentan este xoves, 3 de outubro, no Museo de Belas Artes da Coruña (19:00 horas) o audiovisual *Na procura do son perdido. A zanfona, memoria da Transición*. A presidenta do CCG, Rosario Álvarez, xunto co director do audiovisual, Ramón Pinheiro, presentan este traballo que conta a historia da recuperación do instrumento. Intervirán tamén Miro Casabella e Pablo Quintana, músicos e participantes deste proxecto. Trala proxección do documental, a asociación *Cántigas da Terra* interpretará unha selección de temas do seu espectáculo *Darredor da roda*.

Datos da presentación.

Lugar: Museo de Belas Artes

Día: Xoves, 3 de outubro de 2024

Hora: 19:00 horas

Asistentes

Rosario Álvarez, presidenta do CCG

Ángeles Pena Truque, directora do Museo de Belas Artes

Ramón Pinheiro, director do documental

Miro Casabella, protagonista

Pablo Quintana, protagonista